



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.

T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal

atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

CIRCULAR 08-2026

X CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE LANZAMENTOS LONGOS MÁSTER

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o 31 de xaneiro na Cidade Deportiva de Vista Alegre (Ordes - A Coruña), o Campionato Xunta de Galicia de Lanzamentos Longos Máster.

Art.2).- Poderán participar atletas da categoría Máster con licenza na presente tempada pola FGA.

- Poderán participar, en cada especialidade, os/as 16 atletas inscritos/as con mellor marca durante as tempadas 2025 e 2026, independentemente da categoría e peso do artefacto.
- Cada atleta poderá participar nun máximo de 2 probas.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 23:45 horas do luns 19 de xaneiro.

- Limitarase a inscrición a un máximo de 3 probas.
 - o A FGA eliminará tantas inscricións como sexa preciso daqueles que se inscriban en máis probas das regulamentadas.

Art.4).- Prazo ordinario de comunicación de baixas.

- Rematará ás 14:00 horas do venres 23 de xaneiro e serán remitidas a competicion@atletismo.gal

Art.5).- A presentación de artefactos persoais para a súa homologación pechará 1h antes do comezo da súa proba, agás na proba de xavelina, para a que pechará 1h30' antes para a feminina e ás 9:15 para a masculina.

Art.6).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.7).- Cámara de chamadas

- Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto, e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.

T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal

atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Art.8).- Horario (poderá ser modificado en función das inscricións)

APERTURA CÁMARA CHAMADAS	PECHE CÁMARA CHAMADAS	SAÍDA A PISTA	HORA DA PROBA	PROBA	ENTREGA DE PREMIOS
9:20	9:25	9:30	10:00	Martelo Fem	12:00
9:35	9:40	9:45	10:15	Xavelina Masc	12:15
11:05	11:10	11:15	11:45	Martelo Masc	13:45
11:20	11:25	11:30	12:00	Xavelina Fem	14:00
12:50	12:55	13:00	13:30	Martelo Pesado F-M	14:30
15:05	15:10	15:15	15:45	Disco Fem	17:30
16:35	16:40	16:45	17:15	Disco Masc	18:30

Art.9).- Pasarán á mellora as 8 mellores marcas, independentemente da súa categoría, e disporán doutros 3 intentos.

Art.10).- Un atleta pode ser excluído de participar en tódalas probas posteriores da competición, incluídas aquelas nas que estea participando nese intre, no seguinte caso:

- Estando admitido para unha proba e, non comunicada a súa baixa nos prazos recollidos no Art.12, non tome parte da mesma.

Art.11).- Os/as tres primeiros/as atletas clasificados/as de cada categoría recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao podio. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.12).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a competicion@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Nas competicións nas que se regule un número máximo de inscricións, establecerase unha penalización de 10 € por proba excedida.
- Calquera baixa con posterioridade ás 23:59 do mércores previo ó inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.13).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 08 de xaneiro do 2026

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo